

RESUMO

PROGRAMA VIVENDAS BALEIRAS 2015-2020

Hai que asinar o convenio de colaboración entre o IGVS e a FEGAMP para o desenvolvemento do dito programa (Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015 – 2020 – Plan REHABITA)

INCORPORACIÓN AO PROGRAMA

Condicións e características:

- Que non sexa vivenda protexida
- Non ter cargas que impidan o seu arrendamento, e carecer de limitacións por razóns de legalidade urbanística
- Estar desocupada
- Reunir as condicións esenciais de habitabilidade e idoneidade para o seu arrendamento.
- Estar de alta en: auga, lixo, gas e/ou electricidade ou susceptible de estalo no momento do contrato, e estar ao día no pago dos correspondentes recibos.
- Poden arrendarse con ou sen mobles, pero deberán contar con instalación de auga quente, con cociña equipada con mobiliario e electrodomésticos básicos (cociña, forno, frigorífico, lavadora e calefacción)
- Calquera tipo de tipoloxía edificatoria
- Non é preciso que estea inscrita no censo de vivendas baleiras de Galicia

Renda taxada:

Para determinar o prezo máximo do aluguer, establecese unha superficie máxima de 90 metros cadrados.

Renda máxima	<u>Superficie tipo</u>	<u>Prezo máximo/metro cadrado</u>
287,5 €	90 m2	3,195 €

Procedemento de incorporación de vivendas

Solicitude e prazo:

- Poderán solicitar aqueles titulares de vivendas que cumpran os requisitos mencionados
- O prazo estará aberto permanentemente

Documentación:

- DNI propietario ou propietarios
- Relación de persoas titulares da vivenda
- Nota simple informativa do Rexistrio da Propiedade con indicación das cargas
- Último recibo do IBI
- Descripción da vivenda
- Declaración de que non existen procedementos administrativos ou xudiciais que afecten á vivenda ou á súa titularidade

- Declaración responsable que non ten cargas que impidan o seu arrendamento

Inspección técnica

Unha vez completa e correcta a solicitude, o concello procederá á inspección técnica.

Declaración de “vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa de vivendas baleiras”

Unha vez revisada a vivenda e considerada apta, procederase á súa declaración como “vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa de vivendas baleiras”.

CONDICIÓNNS PARA O ACCESO ÁS VIVENDAS INCORPORADAS AO PROGRAMA

Requisitos dos demandantes

As unidades familiares ou de convivencia deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter uns ingresos entre 1 e 2,5 veces o IPREM
- Excepcionalmente, poderá exceptuarse do cumprimento de acreditar o límite mínimo de ingresos cando se trate de situacións de emerxencia social que deberán ser singularmente avaliadas. En todo caso, deberase acreditar no expediente de adxudicación a percepción duns ingresos económicos mínimos ou de axudas, públicas ou privadas, que lles permitan facerlle fronte ás obligas económicas que se deriven do contrato de arrendamento.
- Con carácter xeral, a renda que debe aboar a persoa inquilina non debe ser superior ao 30% dos seus ingresos.
- Non ter a persoa solicitante, nin ningún outro membro da unidade de convivencia, unha vivenda en propiedade, a menos que non dispoña do seu uso e goce, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional, ou se trate dunha vivenda inadecuada ou insuficiente.

Colectivos prioritarios

- a) Afectados por procedementos de execución hipotecaria, sen necesidade de que exista unha resolución xudicial de finalización do citado procedemento xudicial.
- b) Afectados por un procedemento xudicial de desafiuamento por impago de rendas da súa vivenda habitual.
- c) Con fillos menores así como familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.
- d) Unidades familiares con mulleres vítimas de violencia de xénero, sempre que o documento acreditativo da situación de violencia fose adoptado ou emitido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da vivenda. Así mesmo, será preciso que a orde de protección ou a medida cautelar estean vixentes.
- e) Unidades familiarares con persoas maiores de 65 anos, persoas con dependencia ou con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.

f) Unidades familiares con persoas que foran beneficiarias de axudas ao alugueiro no marco de programas xestionados polo IGVS e que, unha vez vencido o período máximo de **percepción destas, permanezan nunha situación de desprotección ou especial vulnerabilidade.**

g) Unidades familiares ou de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etcétera.

Sen prexuízo do anterior, o Concello tamén poderá adxudicarlles as vivendas incorporadas ao Programa de vivendas baleiras a aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro para ser destinadas aos colectivos sinalados anteriormente sinalados.

Documentación

- Acreditación dos ingresos netos
- Fotocopia do DNI ou NIE de todas os membros da unidade familiar ou de convivencia; no caso de fillos menores de idade que non teñan DNI, fotocopia do libro de familia; e no caso de estranxeiros NIE.
- Declaración responsable da unidade familiar.
- Outra documentación, segundo as características da unidade familiar ou de convivencia